

**COLECCIÓN DE BOAS
PRÁCTICAS DE EDUCACIÓN
PARA O DESENVOLVEMENTO
SUSTENTÁBEL**

nº 14



**ENREDANDO COA PESCA:
TRANSFORMANDO A REALIDADE
SOCIAL E AMBIENTAL DA CONTORNA
A TRAVÉS DA EDUCACIÓN
PARA A SOSTIBILIDADE DO MEDIO**





CRÉDITOS E LICENZAS

Catálogo de publicacións do Ministerio: sede.educacion.gob.es/publiventa
Catálogo xeral de publicacións oficiais: cpage.mpr.gob.es

Título: *Boas prácticas de educación para o desenvolvemento sustentábel.
Enredando coa pesca: Transformando a realidade social e ambiental
da contorna a través da educación para a sostibilidade do medio*

Autores:

Alberto López Rodríguez

Fátima Crespo Rico

María José Otero Taboada

Traductor galego:

Eduard del Castillo Velasco



MINISTERIO DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL
Secretaría de Estado de Educación
Subdirección Xeral de Cooperación Territorial e Innovación Educativa

Edita

© SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán, Documentación
e Publicacións, Madrid

Edición: 2025

NIPO (liña): 164-25-082-1

Obra publicada con licenza *Creative Commons* Reconocimiento-Non-Compartir
baixo a mesma licenza 3.0

Diseño: Pilar Hernández Gonzalo

Maquetación: trececho edición, SL






COLECCIÓN DE BOAS PRÁCTICAS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO SUSTENTÁBEL

Cada día é máis palpábel a necesidade de actuar para abordar os retos e desafíos que afrontamos como humanidade. As grandes desigualdades e a pobreza existentes, máis exacerbadas pola crise pandémica, e a crise climática e ambiental, nos interpelan como sociedade no relacionado cos nosos dereitos e obrigacións. A educación para o desenvolvemento sustentábel ten un papel fundamental na xeración de procesos que posibiliten transformar a nosa sociedade nunha máis xusta, inclusiva, pacífica e solidaria, e que nos permita promover melloras substanciais na forma de relacionarnos entre nós e coa contorna para manter o equilibrio cos límites planetarios, mellorando a inclusión a tódolos niveis para non deixar a ninguén atrás.

Nesta liña, a Declaración de Berlín sobre a Educación para o Desenvolvemento Sustentábel acordada na Conferencia mundial da UNESCO sobre a educación para o desenvolvemento sustentábel, subliña que a aprendizaxe transformadora das persoas e o planeta é necesaria para a nosa supervivencia e a das futuras xeracións. O momento de aprender e de actuar na defensa do noso planeta é agora. Esta óptica de ruptura con modelos tradicionalmente agresivos coas persoas e o planeta expón a necesidade de avanzar comprometidos como sistema educativo, mellorando as nosas prácticas, amosándoas e compartindo o coñecemento para poder ofrecer mellores solucións que nos faga avanzar á vez que transformamos a nosa escola e a nosa sociedade.

Esta colección de boas prácticas de educación para o desenvolvemento sustentábel ten vocación de ofrecer diferentes puntos de vista na mellora do plano pedagóxico, no das redes educativas, na contorna social e na acción da xuventude nos centros educativos. A comunidade educativa no seu conxunto é o pilar sobre o cal construír esta transformación necesaria para facer do noso planeta un lugar no que convivir, con esperanza, aprendendo dos nosos erros e coa seguridade de que os cambios son posíbeis e necesarios.





ENREDANDO COA PESCA: TRANSFORMANDO A REALIDADE SOCIAL E AMBIENTAL DA CONTORNA A TRAVÉS DA EDUCACIÓN PARA A SOSTIBILIDADE DO MEDIO

O noso proxecto	5
1. Quen somos?	6
2. Punto de partida	7
3. Paso a paso	8
4. Avaliamos	13
5. Conclusións	15
6. Anímaste?	16
Material complementario	17



O NOSO PROXECTO

Enredando coa pesca: transformando a realidade social e ambiental da contorna a través da educación para a sostibilidade do medio

A pesca artesanal, o marisqueo e o coidado dos múltiples areas da Illa de Arousa, así como da súa flora e da súa fauna, son o punto de partida do noso proxecto. «Enredando coa pesca» pretende darlle a coñecer ao alumnado a gran riqueza da súa contorna e a necesidade de preservala, o que é fundamental nunha localidade que ten a súa base económica e social no mar.

1. QUEN SOMOS?

O CEIP da Torre-Illa é una escola de Educación Infantil e Primaria situada na localidade insular da Illa de Arousa, na provincia de Pontevedra.

6. CLAVES INSPIRADORAS

O centro educativo como motor de transformación social e comunitaria, en sinerxía cos distintos axentes e institucións do concello.

2. A NOSA META

A transformación social para a sostibilidade do medio natural da illa, actualmente ameazado polo auxe do turismo, a sobreexplotación dos recursos mariños e mais a contaminación.

3. PASO A PASO

Avanzar a través da educación para a sostibilidade, do coñecemento do medio, das accións responsables no coidado do medio natural e mais do fomento de actitudes de respecto e consciencia crítica e cívica.

5. CONCLUSIÓNS

Manter un enfoque integral en colaboración coa comunidade educativa e diversos axentes locais é clave para continuar avanzando na educación para a sostibilidade.

4. RESULTADOS

A implicación de entidades clave da localidade, das familias e de todo o alumnado e profesorado do centro permitiron conseguir os obxectivos formulados no proxecto.



1. QUEN SOMOS?



O CEIP da Torre-Illa localízase no concello insular da Illa de Arousa, situada no medio da ría de Arousa, nas Rías Baixas, na comarca do Salnés. Conta con aproximadamente 5000 habitantes.

O equipo docente do centro destaca polo seu dinamismo e a súa participación en numerosos plans de innovación educativa. Ademais, é parte activa de iniciativas locais de transición enerxética e sostibilidade, e mantén colaboracións con entidades locais para a preservación do medio natural, especialmente con todo o relacionado co mar e os areais.

O illamento caracterizou a vida social da illa ata que, en 1982, se construíu a ponte que une a localidade á península. Este feito propiciou o desenvolvemento de certas singularidades vinculadas a tradicións e costumes propios que aínda se manteñen na actualidade. Moitos destes fenómenos (principalmente a pesca, o cultivo do mexillón en bateas e o marisqueo) están vinculados ao mar, que sempre foi o principal medio económico da maioría das familias da illa.

O centro é o único colexio de educación primaria da localidade, e ten 240 alumnas e alumnos en 2 unidades de Educación Infantil e 11 unidades de Educación Primaria. Tamén conta con 24 docentes, 1 coidadora e persoal de administración e servizos.

A Illa de Arousa posúe 36 quilómetros de costa, dos cales 11 son praias nas que conviven o marisqueo e o ocio na tempada de verán. Tamén conta co parque natural do Carreirón, que pertence ao Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. A riqueza natural e a biodiversidade do parque fan del un elemento que o alumnado debe coñecer e conservar.

Tanto o coñecemento da contorna máis próxima para o alumnado coma o aprecio pola riqueza natural que ten o concello son obxectivos prioritarios das diferentes actuacións educativas do centro, que tamén realiza accións encamiñadas a desenvolver hábitos de vida saudables e sostíbeis, en colaboración con diversos axentes locais.



2. PUNTO DE PARTIDA

A perda progresiva dos vínculos co mar e do coñecemento cultural que o alumnado ten da contorna mariña, malia ser este o principal motor socioeconómico do concello, puxo de manifesto a necesidade de realizar este proxecto. O descoñecemento e o desapego do medio por parte do alumnado podería contribuír ao abandono e á deterioración da riqueza natural da illa, así como á adopción de hábitos que prexudican gravemente o medio natural e as especies que o habitan.

O profesorado detectou esta situación a través da análise dos resultados das actividades da escola relacionadas coa contorna nos cursos anteriores, e tratou a cuestión nas sesións de avaliación e mais na Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro.

Partindo da detección deste problema, o proxecto centrouse na necesidade dunha transformación social que promovese a sostibilidade do medio mariño e do medio natural, en xeral, que posúe a illa, dado que estes están ameazados polo auxe do turismo, a sobreexplotación dos recursos mariños e mais a contaminación. Así mesmo, o desenvolvemento do proxecto nos distintos niveis permitiu abordar outros aspectos relacionados, coma o coñecemento do medio social e natural máis próximo ao alumnado, os costumes culturais (moitos deles de tradición oral) do concello, a alimentación e os hábitos de vida saudables e sostibles, e tamén as accións responsables co coidado da contorna, de xeito que se fomentasen actitudes de respecto e de consciencia crítica e cívica cara ao medio social e natural da illa.

Os hábitos sostibles e o logro, en xeral, da sostibilidade do medio son o mellor instrumento para garantir a conservación da riqueza natural e da biodiversidade. Foi por iso polo que as accións do proxecto se encamiñaron a adquirir hábitos sostibles que permitisen a conservación do medio, co fin de transformar a realidade social de partida. A participación de axentes tan importantes neste ámbito coma a Asociación de Produtores, a Confraría da Illa de Arousa, o Concello e outras institucións e empresas da localidade fixeron que este proxecto tivese un grande impacto en toda a comunidade educativa e local, consciente toda ela de que sensibilizar o alumnado no coidado e na conservación da riqueza natural da zona é de vital importancia para a economía e a sociedade do concello.

Ademais, no deseño do proxecto e na organización de tarefas co alumnado participou de forma activa todo o profesorado do centro, organizado en equipos por nivel e segundo criterios pedagóxicos. As liñas xerais do proxecto determináronse na Comisión de Coordinación Pedagóxica e no Claustro.





3. PASO A PASO

A LOMLOE reconece explicitamente o carácter prioritario da educación para a sostibilidade e a cidadanía mundial. Ademais, a iniciativa da UNESCO «Os futuros da educación. Un novo contrato social para a educación», subliña que o coñecemento e a aprendizaxe son os maiores recursos renovables dos que dispón a humanidade para responder aos retos e crear alternativas, e subliña que a educación non só responde a un mundo cambiante, senón que tamén contribúe á transformación do mundo. Por outra banda, acaba de publicarse un novo marco europeo de competencias para a sostibilidade, denominado «GreenComp». Este marco define os catro bloques de competencias que o alumando ten que adquirir con relación á sostibilidade: *incorporar valores de sostibilidade, recoñecer a complexidade da sostibilidade, actuar pola sostibilidade e prever futuros sostibles*. Todos eles deben promover o pensamento sistémico e crítico, apoiar a equidade e fomentar a acción colectiva. Así mesmo, cómpre destacar que, segundo a UNESCO, a educación transformadora implica unha ensinanza e unha aprendizaxe dirixidas a motivar e a capacitar os estudantes para que tomen decisións e leven a cabo accións informadas a nivel individual, comunitario e global, para que se relacionen co mundo e encontren coherencia entre o que viven nos centros educativos e o planeta que todos queremos construír.


a) Relación coa Axenda 2030 e cos ODS

A Axenda 2030, aprobada baixo o título «Transformando o noso mundo: a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible», expón unha visión de futuro altamente ambiciosa e transformadora. A partir desta concepción inicial, o noso proxecto pretende educar o alumnado nunha concepción complexa, crítica e transformadora do mundo que o rodea, promovendo un compromiso fundamentado a favor da sostibilidade do medio natural máis próximo e potenciando especialmente os seguintes Obxectivos de Desenvolvemento Sostible:

- Obxectivo 8: Promover o crecemento económico sostido, inclusivo e sostible.
- Obxectivo 13: Adoptar medidas urxentes para combater o cambio climático e os seus efectos.
- Obxectivo 14: Conservar e utilizar de xeito sostible os océanos, os mares e máis os recursos mariños de cara a un desenvolvemento sustentable.

b) Obxectivos

1. Coñecer e apreciar a diversidade natural e socioeconómica da Illa de Arousa.
2. Transformar a realidade social do concello a través da educación para a sostibilidade, impulsando actuacións dirixidas a promover a sostibilidade social, medioambiental e económica.
3. Promover a conexión da educación formal e non formal a través de organizacións comprometidas coa promoción da sostibilidade ecosocial.
4. Difundir o proxecto como proposta enmarcada nun enfoque integral de educación para a sostibilidade.



c) Metodoloxía

O proxecto planificouse e desenvolveuse coma un *Proxecto Documental Integrado*, no que participou todo o profesorado e alumnado do centro a través de varios proxectos de aprendizaxe e aprendizaxe-servizo, de xeito que se contribuíu especialmente a desenvolver situacións de aprendizaxe estreitamente relacionadas coa chamada «alfabetización mediática e informacional» e tamén co coñecemento da contorna social e natural máis próxima ao alumnado, xerando oportunidades de traballo colaborativo nas que se lograse:

- Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vencellados co concello da Illa de Arousa.
- Iniciarse no uso formativo, ético e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo o espírito crítico ante as mensaxes que se reciben e se elaboran.
- Estimular a capacidade creadora, activa e transformadora do alumnado con respecto ás problemáticas que este detecta en relación co medio natural e social e mais coa súa sostibilidade.

a. Contidos principais

- Realización de proxectos e presentación dos resultados.
- A paisaxe natural. O coidado e a contaminación da contorna.
- Valoración da responsabilidade no coidado das plantas e dos animais.
- Observación dun animal ou dunha planta no seu medio natural ou mediante a súa reprodución a través de distintos soportes: orais, escritos, gráficos, informáticos, fotográficos, etc.
- Rexistro elemental da observación e do contraste de datos.
- Clasificación e rexistro dos seres vivos da contorna, seguindo criterios observables e variados, e empregando diferentes soportes.
- Procura guiada de información en Internet e noutros medios e soportes.
- Os ecosistemas da contorna e o ser humano.



b. Competencias clave traballadas

Cómpre destacar o enfoque global e transversal do proxecto, o que permitiu desenvolver todas as competencias establecidas no currículo, aínda que, dada a natureza do proxecto, as máis relevantes de todas foron a competencia en comunicación lingüística (CCL), a competencia dixital (CD), a Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA) e mais a Competencia cidadá (CC).

c. Liñas transversais

A integración do proxecto «Enredando coa pesca» en toda a actividade do centro resultou clave para que fose un éxito. A interdiscipliniedade coa que se abordou o proxecto permitiu que este se desenvolvese a través das diferentes áreas do currículo. Igualmente, todas as datas conmemorativas do curso se celebraron tendo en conta a súa vinculación co proxecto: Entroido, Día do Medio Ambiente, Día da Saúde, etc.

d. Actividades principais

1. Rexeneración dun espazo na praia de Riasón para un viveiro de ameixa (proxecto de aprendizaxe-servizo). A actividade contou coa colaboración da Confraría da Illa de Arousa máis da OPP20, a organización de produtores da localidade, que cederon un espazo do areal de Riasón. Coa axuda da bióloga da confraría, o alumnado de 4º, 5º e 6º de EP puido facer a sementeira da ameixa e a limpeza do areal en visitas programadas conxuntamente coa Confraría, e observar a evolución dos bivalvos ao longo dos meses, comprobando como se recuperou para a produción de marisco un espazo castigado pola contaminación, o turismo e a sobreexplotación que supón o furtivismo.
2. Visita á lonxa da Illa de Arousa. O obxectivo foi coñecer o seu funcionamento e o ciclo de produción e venda.
3. Revista escolar monográfica. Este proxecto é unha recompilación de traballos de diferentes grupos con anécdotas sobre a pesca recollidas entre os familiares do alumnado, lendas e tradicións orais recuperadas, traballos de investigación sobre as especies mariñas, traballos xornalísticos do alumnado, e narrativas arredor da pesca e do mar na Illa de Arousa.



4. «E ti, a que praia vas?» foi unha actividade proposta para visitar e coñecer as diferentes zonas costeiras da illa, e tamén para promover o coidado dos areais de cara a manter a fauna e a flora dos ecosistemas mariños. As praias repartíronse entre os diferentes grupos. Cada grupo fixo a súa visita e recolleu a información sobre o areal asignado. Ademais, cada grupo fixo unha foto nas praias visitadas e con todas as imaxes elaborouse un mural de case tres metros de alto, para que todo o alumnado do centro as coñecese.
5. Monográfico do alumnado de 6º de primaria sobre os sectores produtivos na Illa de Arousa. O obxectivo do monográfico foi coñecer os principais medios produtivos e recoñecer a importancia do sector do mar na localidade.
6. «As mulleres do mar». Nesta actividade, o alumnado de 4º analizou os roles nos distintos oficios do mar e realizou entrevistas ás mariscadoras na radio escolar para coñecer a súa profesión.
7. «Flora autóctona e especies invasoras». Esta actividade consistiu nunha investigación por parte do alumnado de 6º sobre as especies autóctonas e a súa conservación e importancia para os ecosistemas.
8. Conmemoracións do calendario escolar arredor do proxecto. Todas as conmemoracións do curso leváronse a cabo tendo en conta a vinculación co proxecto «Enredando coa pesca».
9. Ti si que es un bo peixe» e «Fai clic ao teu bocata», son dúas actividades que forman parte do programa «Aliméntate ben», e permitiron vincular o proxecto con asuntos coma a alimentación saudable e as conservas do mar, ademais de introducir todo o alumnado do centro no coñecemento das diferentes especies de peixes que podemos encontrar na ría de Arousa en particular e en toda Galicia en xeral. O alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria tamén visitou a lonxa da localidade do Grove ao abeiro do programa.
10. «Pescando Libros» foi unha actividade programada desde a biblioteca do centro. Os axudantes e a mascota visitaron as aulas disfrazados de pescadores para dar a coñecer a bibliografía relacionada co proxecto e promovendo as creacións propias elaboradas polos diferentes grupos.





11. «Tíralle da rede». Iniciativa pola que se recompilan moitos dos traballos da aula relacionados coa tradición oral e co mar.
12. Exposición dos materiais elaborados polo alumnado durante o desenvolvemento do proxecto. O produto final foi a exposición dos materiais elaborados no Centro de Interpretación da Conserva da Illa de Arousa. A exposición tivo unha gran repercusión entre a comunidade educativa e na illa, e integrouse á perfección na exposición permanente do museo.
13. Elaboración, edición e publicación dun *Biocalendario 2022 da flora e fauna vulnerable ou en perigo de extinción da Illa de Arousa*. O alumnado de 5º de Educación Primaria elaborou un calendario do ano 2022 coa flora e a fauna autóctona en perigo de extinción. O centro editouno e imprimiuno para ter unha versión de sobremesa, e o Concello da Illa de Arousa editou e imprimiu máis de 3000 exemplares, que se lles distribuíron gratuitamente aos veciños da illa, co que se lle deu unha gran difusión ao traballo realizado.


e. Temporalización

A avaliación inicial, o deseño do proxecto e mais a repartición das tarefas levouse a cabo ao comezo do curso, e o desenvolvemento das actuacións realizouse ao longo de todo o período lectivo; finalmente, dedicouse o mes de xuño á difusión do proxecto a través da exposición no Centro de Interpretación da Conserva.

f. Participantes/colaboradores

A participación do profesorado e do alumnado do centro no proxecto foi sobresaínte, e observouse un enorme grao de motivación en toda a comunidade educativa. Igualmente, cómpre destacar a implicación e a participación activa de importantes axentes locais, o que lle deu unha gran repercusión ao proxecto. Estes axentes foron:

- A Confraría de Pescadores da Illa de Arousa: non só cedeu un viveiro para a rexeneración e o cultivo da ameixa, senón que, ademais, puxo o seu persoal ao noso servizo e facilitou que a súa bióloga e mais o seu patrón maior nos acompañasen e nos asesorasen en cada visita.
- A Concellería de Turismo da Illa de Arousa: mostrou a súa colaboración para a exposición dos produtos finais do proxecto e contribuíu á difusión do mesmo.
- A Organización de produtores OPP20: dispuxo a visita á lonxa para coñecer o proceso de produción e comercialización dos produtos do mar.





4. AVALIAMOS

a) Puntos fortes e oportunidades

A valoración do proxecto resultou moi positiva. O profesorado destacou, entre os logros alcanzados, os seguintes:

- Todo o alumnado do centro participou activamente no proxecto, cun alto grao de motivación polas tarefas propostas.
- Todo o alumnado do centro puido coñecer as actividades realizadas polo resto dos grupos-aula del centro, grazas á difusión levada a cabo tanto nas redes coma no noso propio centro. Ademais, o proxecto tamén se difundiu no Centro de Interpretación da Conserva da Illa de Arousa.
- A integración dos contidos curriculares no proxecto proposto resultou doada, e destaca a integración nas áreas de ciencias.
- Os diferentes equipos docentes participaron activamente con propostas para as actividades complementarias relacionadas co proxecto.
- A implicación das familias e dos axentes locais foi moi alta, e favoreceu un grao de afondamento difícil de alcanzar sen a súa colaboración.

A realización do proxecto xerou a posibilidade de colaborar con entidades que nunca participaran nas propostas educativas do centro, creando un vínculo que se mantén activo na busca dun enfoque escolar integral para a sostibilidade.

Por último, o noso proxecto incluíuse na *Colección de boas prácticas de educación para o desenvolvemento sustentábel* do Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes e foi merecedor dun Premio Nacional de «Boas prácticas en centros docentes», recoñecementos que supuxeron un grande impulso e unha motivación para o desenvolvemento de accións similares, fomentando tamén a continuidade do proxecto no tempo.

b) Puntos débiles, obstáculos

Malia a repercusión positiva que o proxecto tivo entre o alumnado do centro e na súa contorna, as dificultades para trasladar eses logros a outros ámbitos da sociedade provocan que os esforzos dos e das estudantes non sempre atopen unha resposta de retroalimentación positiva. O propio alumnado observa que, nalgúns casos, a flora e a fauna cuxa protección promoveu segue ameazada e extinguíndose, ou ve que o areal que contribuíu a rexenerar é vítima novamente de comportamentos pouco cívicos que alteran a paisaxe e destrúen os hábitats. Tememos que todo isto poida xerar unha perda de motivación para seguir actuando pola conservación do medio no futuro.




c) Aspectos innovadores

Ao igual ca Axenda 2030, o proxecto «Enredando coa pesca» pon a énfase na capacidade da educación e de toda a comunidade educativa para transformar a sociedade, neste caso a través de actuacións dirixidas ao coñecemento, preservación e recuperación da contorna, así como a valorar e reforzar os vínculos entre as persoas e o medio natural e social no que habitan.

Esta visión innovadora da educación como motor de cambio da sociedade complementábase, ademais, con outros factores innovadores, como son:

- A participación activa de axentes externos no proxecto, coma a Asociación de Produtores, a Confraría da Illa de Arousa e o Concello, canda outras institucións e empresas, contribuíu a que o proxecto teña un grande impacto en toda a comunidade educativa e local.
- Desenvolvemento da competencia cidadá a través do establecemento de hábitos sostíbeis entre o alumnado do centro, hábitos que se deben facer extensíbeis ás súas familias e á comunidade local, especialmente á comunidade educativa do CEIP da Torre-Illa.
- Uso de metodoloxías activas e participativas que favorezan a aprendizaxe baseada en proxectos e a aprendizaxe-servizo, que poñan o alumnado no centro do proceso de ensino-aprendizaxe e fomenten a autonomía persoal, o pensamento crítico e máis o traballo cooperativo e colaborativo.






5. CONCLUSIONES

O proxecto «Enredando coa pesca» confirma que a educación pode xogar un papel determinante na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. O CEIP da Torre-Illa asumiu o papel de motor dun cambio necesario e aplicou un enfoque integral para a sostibilidade no que procurou a complicitade e a sinerxía dos principais axentes comprometidos co desenvolvemento sostible da localidade, e poñendo en valor a necesidade de preservar o entorno en cada acción que a comunidade educativa e local levase a cabo. Desde a investigación e o coñecemento, e co convencemento de que unha posición respectuosa co medio natural da Illa de Arousa é a única forma de conseguir un futuro sostible, o noso alumnado descubriu que as súas actuacións son vitais para transformar e mellorar a contorna.

Todo isto fai necesario manter e consolidar este proxecto colaborativo durante os próximos anos, así como desenvolver novas actuacións, especialmente nos seguintes ámbitos:

- Colaborar nas actuacións do Concello no ámbito da sostibilidade, tanto a nivel local coma global. Neste último sentido, o concello forma parte do conxunto de illas que participan no programa europeo «Clean Energy for Islands EU» para a transición enerxética, e o centro ten un representante na comisión do proxecto, dirixida a coordinar actuacións educativas neste ámbito.
- Continuar con actuacións e proxectos propios no marco da educación para o desenvolvemento sostible, coma a horta escolar, a compostaxe e o desenvolvemento de actividades de alimentación saudable e con produtos de proximidade.
- Continuar coñecendo e achegándonos á realidade sociocultural, poñendo en valor a riqueza e a diversidade da contorna a través das conmemoracións escolares relacionadas e do traballo curricular na aula.





6. ANÍMASTE?

Levar a cabo un proxecto no que o centro educativo se converta en motor dunha transformación do medio, que consiga a implicación de todos os axentes necesarios e que acade, ademais, todos os obxectivos que persegue é unha tarefa complexa. Ora ben, os resultados poden ser moi gratificantes tanto para o alumnado coma para toda a comunidade educativa. Se temos en conta algunhas consideracións, esta tarefa pode resultar máis doada:

1. Un elemento indispensable é sensibilizarmos o alumnado no coidado do medio ambiente a través de actividades na contorna que lle permitan coñecer os seus aspectos diferenciais, os ecosistemas existentes e mais a flora e a fauna autóctonas.
2. Detectarmos na contorna as necesidades máis urxentes é un bo punto de partida para recoñecermos a importancia e a prioridade das accións a favor do desenvolvemento sostible.
3. Lograrmos a implicación de toda a comunidade educativa e dos axentes locais, institucionais ou empresariais que están ligados ao desenvolvemento sostible é clave para que o proxecto teña un grande impacto.
4. Outro elemento imprescindible é integrarmos nas programacións das distintas áreas as situacións de aprendizaxe e contidos vinculados ao proxecto, así coma a planificación das actividades complementarias relacionadas con el.
5. Difundirmos o proxecto a través das redes sociais, da prensa, das asociacións e dos distintos axentes implicados axudará a sensibilizar máis persoas e, quizais, tamén a conseguir axuda por parte doutros organismos.





MATERIAL COMPLEMENTARIO

- Web do proxecto <https://sites.google.com/view/enredandocoapesca/inicio>
- O proxecto no Seminario Web «El enfoque Escolar Integral para la Sostenibilidad» <https://www.educacionyfp.gob.es/mc/sgctie/educacion-para-sostenibilidad/seminario-enfoque-integral/experiencias-educativas/16-marzo.html>
- Visitas virtuais á aula de interpretación «O Canto do Mar» https://opp20.com/o_canto_do_mar
- O proxecto nas redes sociais <https://twitter.com/hashtag/EnredandocoaPesca?src=hashtag>



Mudar a
mirada



Mellorar a
contorna



Transformar
o mundo

